


PROTAGONISTA

Tiano Labraña

Especialista en música tradicional

«A música, especialmente a tradicional é útil para corrixir dificultades de aprendizaxe»

» L2



Labraña coordina un monográfico sobre a música tradicional como ferramenta escolar | CARLOS FOLGOSO

«A música tamén favorece as ciencias ou as matemáticas»

Afirma que o alumnado ten interese sobre todo por cantar ou pola danza, porque permiten que participe

Joel Gómez

SANTIAGO/LA VOZ. A música tradicional como ferramenta escolar é tema monográfico do último número da *Revista Galega de Educación*, publicación de Nova Escola Galega. Tiano Labraña coordina o volume, e dedicou dous anos a ese labor «porque moitos músicos, excelentes no traballo de interpretación, para elaborar un texto escrito teñen máis dificultade».

—¿Ten presenza a música tradicional no ensino?

—Non demasiada. Hai un grupo de xente moi sensibilizado, que tentamos ampliar a influencia e pouco a pouco avanzamos. Esta revista ofrece novos materiais para favorecer esa presenza, colabora xente significada da música tradicional.

—¿Quen colabora?

—Nomes ben coñecidos, como o gaiteiro Carlos Núñez que se refire á súa traxectoria nunha entrevista. Tamén Guadi Galego, membros dos grupos Brincadei-

ra ou Treixadura, do Centro Folque, de Gaiteiros Xistra; Santi Cribeiro de Berrogüeto, Mero que estivo en Fuxan os Ventos... Nas páxinas da revista están Susana Seivane, especialistas das universidades de Vigo e Santiago como Julio Alonso e Elena Sobrino, o luthier Xaneco; Manolo Maseda, profesor de música no IES Antonio Fraguas de Santiago, ou docentes do Conservatorio Superior de Vigo.

—¿Como ve o alumnado a música tradicional?

—Cando se lles presenta con entusiasmo ven que ofrece moitas posibilidades para traballar na escola. No meu caso falo desde a experiencia de ser mestre de música.

—¿E que lle interesa máis ao alumnado?

—A canción ou a danza, porque lles permite participar; e en xeral o movemento, a coordinación motriz, o desenvolvemento do corpo. A música, e en especial a tradicional, pode ser útil para co-

rrixir certas dificultades de aprendizaxe, e outros problemas escolares. É un campo no que hai moito para investigar.

—¿Como axuda a música a outras materias?

—En traballos da revista ben se ve como a música favorece traballar as ciencias ou as matemáticas, mesmo o coñecemento do medio, como un recurso educativo. Hai moitas cancións tradicionais, de dificultade progresiva, que permiten que o alumnado aprenda a cantar a voces, en pequenos coros; e tamén se poden traballar instrumentos, a vocalización, iniciación á polifonía, sempre con cantigas recollidas dos cancioneros ou do propio traballo de campo, gravando pezas á xente.

—¿Ten posibilidades a gaita na escola?

—Si que ten, é un instrumento válido para a música tradicional e tamén para interpretar música do Barroco, de autores como Bach, ou o *Bolero* de Ravel.